

# I CERTAME DE LOGOTIPO “GALLETAS MARIÑAS”

## BASES DO CERTAME

### **Obxecto**

A Asociación de Axuda ó Enfermo Mental “A Mariña” ven a organizar un certame dentro do proxecto Mental Health Chefs co deseño do logotipo que representará a marca de “Galletas Mariñas”, enmarcadas dentro do proxecto “Mental Health Chefs”

### **Participación**

Poderán participar no certame artistas maiores de 18 anos.

### **Condições técnicas**

- Os deseños deberán ser orixinais e inéditos, sendo responsable o autor de que así sexa. Os participantes certifican que o logotipo é froito da súa creatividade persoal, que é o seu propio traballo e que non se infrinxen os dereitos de autor de outras persoas. Deberán certificar que non se empregou o traballo de ningunha terceira persoa, por exemplo, fotos ou elementos de deseño que non fosen feitos polo propio participante.
- Aconséllase utilizar cores que sexan fácilmente trasladables a escala de grises, para a súa posterior realización tanto en cor como en branco e negro. Recoméndase usar un máximo de tres cores.
- A técnica será libre, sempre que sexa posible a reprodución do logotipo por cuatricomía. Os participantes deberán ter en conta que os deseños serán reproducidos en distintos soportes e materiais.
- O deseño en cor deberá ir acompañado dunha versión monocroma (branco e negro ou escala de grises) que posibilite a súa reprodución a unha tinta.
- Enviarase en soporte dixital, preferiblemente en formato vectorial escalable (. ai, . svg, . pdf, . eps). Se se envía nun formato con resolución fixa ( jpg), deberá usarse un tamaño mínimo de 2.000 píxeles en longo ou ancho. Recoméndase a maior resolución posible.
- Excluíranse todos aqueles logotipos que teñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas, homófobas ou ofensivas contra persoas ou institucións.
- Unha vez enviada a proposta do logotipo, esta non poderá ser retirada.

### **Propiedade Intelectual e Dereitos de reprodución**

- A propiedade do logotipo premiado cederase á organización, a cal se reserva todos os dereitos de propiedade e uso das propostas premiadas.

- A organización resérvase o dereito de reprodución mediante os formatos e a través dos medios que considere oportunos, o dereito de modificar o logotipo a fin de optimizalo para a súa posterior impresión, o de adaptar o logotipo cando as características do material ou o obxecto sobre o que se vai a reproducir non permitan facelo de maneira completa, ou tamén o de facer uso por separado dos elementos do logotipo.

### **Presentación dos traballos**

O prazo de presentación e admisión dos traballos finalizará o día 30 de abril ás 23:59 horas do ano 2021.

As propostas enviaránse á dirección de correo electrónico habilitada para o certame: [asociamarina@telefonica.net](mailto:asociamarina@telefonica.net), no asunto da mensaxe indicárase "certame logotipo" acompañadas da seguinte información recollida nun documento: Nome, apelidos, número do DNI, email e teléfono.

### **Xurado seleccionador e votación das propostas**

*Os membros do xurado que seleccionarán o logotipo ganador serán os seguintes:*

- *1 representante da Xunta Directiva da Entidade*
- *1 representante dos Usuarios da Unidade Residencial de Cervo.*
- *1 representante dos Usuarios do CRPL Ribadeo*
- *1 representante dos Usuarios do CRPL Burela.*
- *1 representante do equipo técnico da entidade.*
- *Haberá unha votación aberta en Facebook onde se fará unha recopilación de "me gusta" co logo máis votado.*

*Ningún membro do xurado poderá ser participante do certame.*

### **Premio**

Ó vencedor do certame otorgaráselle un premio da cantidade de **600 € (SEISCENTOS EUROS)** así como o recoñecemento da súa autoría de forma expresa en prensa e redes sociais.

O premio pode quedar deserto.

### **Fallo do premio**

O fallo do xurado darase a coñecer durante o mes de Maio e será comunicado ao ganador logo da recopilación dos votos do xurado e do Facebook.

### **Aceptación das bases**

A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e o fallo do xurado. Todo caso non previsto nas presentes bases será resolvido polo Xurado, comunicándose a cada participante tal decisión.

As presentes bases estarán depositadas na Notaría de D. Ignacio Catania Palmer, sita en Burela e están a disposición de calquer interesado na páxina web da entidade [www.adaoemam.es](http://www.adaoemam.es). Así mesmo para calquera información ou consulta, chamar aos seguintes teléfonos:

Unidade Residencial Cervo: 982.55.76.92

CRPL Burela: 982.58.16.20

CRPL Ribadeo: 982.13.00.14

### **Protección de datos**

*“Os datos de carácter persoal que se inclúen na presente comunicación inclúense nos tratamentos de datos persoais realizados por Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña coa finalidade de levar a cabo a xestión de servizos prestados pola empresa, xestión administrativa e de comunicacións cos clientes. Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña infórmalle que ten implantadas as medidas de seguridade de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia dos seus datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda e tratamento e/ou acceso non autorizado, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos. Todo iso de conformidade co previsto no Art. 32 do Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos de Carácter Persoal. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición dirixíndose a Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña, Estr. Sargadelos, 10, C. P. 27891 Cervo.”*

